

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.
2. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.
3. Metodoloxía.
4. Procedemento para a avaliación inicial.
5. Procedemento de avaliación continua.
6. Outros aspectos de interese.
7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
8. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo a actual normativa Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), entendemos por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das áreas.

O sistema educativo no que estamos inmersos está estruturado en tres niveis de concreción curricular. En cada nivel dáse un paso máis cara a adaptación das ensinanzas mínimas establecidas a nivel estatal no Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, á realidade e características do contexto ao que se dirixen.

As programacións son o terceiro nivel de concreción curricular. A través destas os mestres adaptan o currículo preestablecido polo Estado e as Comunidades Autónomas, concretado despois polos centros educativos e recollido no Proxecto Educativo (PE) ás particularidades, necesidades e intereses dos alumnos que conforman a aula.

A xustificación legal da existencia das programacións didácticas atopámola na *Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*.

As programacións deben recoller unha serie de elementos imprescindibles: introdución; xustificación/contextualización; relación cos elementos do currículo (competencias, obxectivos, contidos, interdisciplinariedade, elementos transversais e criterios e estándares); temporalización; desenvolvemento das unidades didácticas; metodoloxía; atención á diversidade; plans, proxectos e programas; avaliación e conclusión.

En canto a xustificación legal, teremos sempre como referencia a actual normativa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica á Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE); así como os correspondentes Reais Decretos, Decretos, Ordes e Instrucións que as desenvolven. Dentro destes cabe destacar o Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da EP, e a súa concreción para Galicia a través do Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de EP para a CCAA de Galicia. O resto da normativa de interese será presentada ao longo da programación.

Debemos ter en conta que toda programación debe adaptarse ás necesidades, intereses e particularidades do alumnado. É necesario ter en conta aspectos psicoevolutivos propios dos alumnos.

1a . O CENTRO E O SEU ENTORNO

Identificación

Datos do centro:

- Denominación: C.E.I.P. “Curros Enríquez”.
- Código de centro: 32003771.
- Tipo de centro: público, dependente da Xunta de Galicia.
- Enderezo: Avenida López Blanco (A Costa), s/n.
- Localidade: Celanova (Ourense).
- Teléfono e Fax: 988431725
- Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurroscelandova/>
- E-mail: ceip.curros.celanova@edu.xunta.es
- Idades do alumnado: entre os 3 e os 12 anos.
- Número de unidades:
 - Educación Infantil: 5
 - Educación Primaria: 10
- Número de alumnos/as: 273
- I.E.S.P. ó que está adscrito: “Celso Emilio Ferreiro” (Celanova).
- Horario lectivo do C.E.I.P. "Curros Enríquez" de Celanova:
 - Setembro e Xuño: de 10.00 a 14.30 h.
 - De Outubro a Maio: de 10.15 a 13.45 e de 15.30 a 17.00 horas de luns a xoves. De 10.15 a 15.00 os venres..

Características físicas

O Noso Centro é un edificio de dúas plantas rodeado dun patio con pista polideportiva, un patio de educación Infantil e a vivenda do conserxe.

Aulas de curso

- Primaria _____ 10
- Educación Infantil _____ 5

Aulas específicas

- Pedagogía Terapéutica _____ 2
- Audición e Linguaxe _____ 1
- Música _____ 1
- Educación Plástica _____ 1
- Relixión _____ 1
- Biblioteca _____ 1
- Audiovisuais _____ 1
- Aula de Inglés _____ 1
- Aula de informática _____ 1

Instalacións deportivas

- Ximnasio con duchas e vestiarios.
- Pista cuberta.
- Patio de recreo con canastras e porterías.
- Patio de recreo de Educación Infantil.

Servizos

Comedor, transporte e atención ao alumnado fóra do horario escolar. Servicio de atención de entrada de alumnos.

Descrición da contorna

A vila de Celanova atópase situada na comarca de Celanova (“Terra de Celanova”), ó sudoeste da provincia de Ourense, e máis concretamente ó sur da capital da provincia, coa que está unida pola estrada N-540 que comunica Ourense con Portugal, da que a separa unha distancia aproximada de 25 Km. Dende este curso escolar tamén por autovía. O concello conta con unha superficie de 67,3 Km² e sitúase a unha altitude de 530 metros sobre o nivel do mar. Limita ó norte cos municipios de Cartelle e A Merca, ó sur co de Verea, ó leste cos da Bola e A Merca, e ó oeste cos de Quintela de Leirado e Ramirás.

Conta cunha poboación de arredor duns 6.500 habitantes distribuídos entre a propia vila e as dezaioito parroquias que forman o concello (Amoroz, Ansemil, Barxa, Bobadela, Cañón, Fechas, Freixo, Gandarela, Mourillós, Orga, Rabal, San Jorge de Acebedo, Santa Eufemia de Milmanda, Sampaio de Veiga, Vilanova dos Infantes e Viveiro). O casco urbano da vila ten aproximadamente uns 3.300 habitantes.

A vida sociocultural de Celanova xira entorno ó Mosteiro de San Salvador, fundado no século X por San Rosendo. Na parte posterior do mosteiro consérvase a capela mozárabe de San Miguel, que é unha xoia da arte mozárabe de gran interese artístico. Hai que destacar tamén a Fundación Curros Enríquez (Casa dos Poetas), o Auditorio Ilduara e a Escola de Música. A nivel medioambiental é importante a Ruta Currosiana, así como fermosos enclaves: Pontefreixo, Milmanda, Castromao, Pontegrande, carballeiras, regatos, muiños...

Análise socio-económica da contorna

As principais actividades económicas da comarca son a agricultura e a gandería, estando inmersas estas actividades nun proceso de modernización e mellora. Os cereais coma o centeo, o millo e o trigo, xunto á pataca e a uva son os cultivos que predominan. No ámbito gandeiro destacan os sectores cárnico e lácteo. Na vila, a principal actividade económica está relacionada co sector servizos e a pequena empresa. Na comarca destaca tamén o sector madeireiro.

Análise cultural

Segundo os datos que nos aporta o último censo municipal podemos afirmar :

Só entre un 8 e un 12 % dos pais dos nosos alumnos teñen estudos de bacharelato, FP ou universitarios.

Na poboación con menos de 30 anos hai máis titulacións universitarias, sendo as mulleres o sector

máis amplo.

A titulación de Graduado Escolar é a maioritaria entre os pais dos nosos alumnos.

A vida sociocultural de Celanova xira entorno ó Mosteiro de San Salvador, fundado no século X por San Rosendo. Na parte posterior do mosteiro consérvase a capela mozárabe de San Miguel, que é unha xoia da arte mozárabe de gran interese artístico. Hai que destacar tamén a Fundación Curros Enríquez (Casa dos Poetas), o Auditorio Ilduara e a Escola de Música. A nivel medioambiental é importante a Ruta Currosiana, así como fermosos enclaves: Pontefreixo, Milmanda, Castromao, Pontegrande, carballeiras, regatos, muiños...

No Concello contamos con un CEIP, o noso, un colexio concertado: Sagrado Corazón e un IES na capital do Concello.

Caraterísticas do noso alumnado

O CEIP CURROS ENRÍQUEZ escolariza nen@s entre 3 e 12 anos, repartidos nas etapas de E. Infantil e E. Primaria.

Son alumn@s galego falantes cun nivel cultural e socio- económico medio-baixo.

No que se refire ó curso de 1º de EP respecto ós resultados do curso pasado

1.Grao de consecución dos obxectivos e as competencias

De acordo cos datos obtidos, nas reunións de avaliación, entre os titores/as, os resultados acadados polos alumnos/as foron positivos. O nivel de consecución dos obxectivos foi alto, tendo en conta o desenvolvemento individual de cada neno-a. Incorporouse un neno doutro país ,pero vai seguindo a marcha da clase con gran esforzo e con gran interés pola súa parte.

2. No que se refiere a convivencia e disciplina

Non houbo ningún incidente importante a destacar, tan só o propio do alumnado destas idades

No que se refire ó curso de 2º de EP respecto ós resultados do curso pasado

1.Grao de consecución dos obxectivos e as competencias

Durante o curso escolar 14/15 impartíuse a totalidade do temario, sendo a porcentaxe da programación impartida do 100% en tódalas áreas.

En xeral o grao de consecución dos obxectivos foi alto xa que todo o alumnado acadou os obxectivos marcados para 1º E.P. a excepción de 4 nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, os cales non promocionan a 2º E.P.

2. Resultados da avaliación

Curso	Nº alumnos	Aproban todas áreas	Suspenden unha área	Suspenden dúas áreas	Suspenden 3 ou máis áreas	Promocionan superando obxectivos	Promocionan sen superar algún obxectivo	Promocionan por imperativo legal	Non promocionan
1º	23	19	0	0	4	19	0	0	4

3. Convivencia e disciplina

Este grupo de nenos/as mantiveron unha boa convivencia en xeral, son rapaces traballadores e colaboradores; tan só en situacións puntuais, propias desta idade, xurdiron conflitos sen maior importancia.

No que se refire ó curso de 5º de EP respecto ós resultados do curso pasado

1. Grao de consecución dos obxectivos e as competencias

De acordo cos datos obtidos, nas reunións de avaliación, entre os titores/as, os resultados acadados polos alumnos/as foron positivos, alcanzándose satisfactoriamente os obxectivos fixados. Completouse o 100% da programación en tódalas áreas agás nas Linguas (90%) Ensinanza Religiosa Escolar, católica (90%) .

2. Resultados da avaliación

Curso	Nº alumnos/as	Aproban todas áreas	Suspenden unha área	Suspenden dúas áreas	Suspenden 3 ou máis áreas	Promocionan superando obxectivos	Promocionan sen superar algún obxectivo	Promocionan por imperativo legal	Non promocionan
4ªA	23	20	1	1	2	19	4	2	0

3. Convivencia e disciplina

Os alumnos/as caracterízanse por ser inquedos e charlatáns, pola súa curiosidade e ganas de aprender.

Son nenos/as, en xeral, tolerantes e respectuosos . A actitude en xeral é positiva. A conduta e o mantemento das normas dentro da normalidade.

O diálogo permanente coas familias con diferentes reunións xerais, e individuais cando se consideraba oportuno, facilitou a coordinación familia-escola, en beneficio do proceso pedagóxico.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXETIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

2a . DISTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES POR BLOQUES DE CONTIDOS

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Coñecer, adquirir e cumprir coa dinámica das clases de E.F. (normas, hixiene e coidado corporal, hixiene postural...)
- Coñecer e saber nombrar os segmentos e articulacións principais do corpo e realizar movementos básicos con eles.
- Realizar exercicios que implique accións de contracción e relaxación muscular.
- Descubrir e afirmar a lateralidade.
- Orientarse no espazo e no tempo (diante,detrás,lonxe,preto,antes, despois...) tomando como referencia o propio corpo.
- Apreciar as distancias entre un mesmo e un obxecto, entre dous obxectos, entre un mesmo e os compañeiros.
- Adaptar o movemento a ritmos sinxelos.
- Controlar o corpo en situacións de equilibrio.
- Coñecer e experimentar o equilibrio estático e dinámico en diferentes situacións.
- Respetar as posibilidades propias e as dos demais.
- Descubrir distintas posibilidades do movemento: desplazamentos, reptación, gateo...e mellorar as formas básicas de desplazamento.
- Iniciar o desenrolo da velocidade de reacción a través dos xogos.
- Combinar desplazamentos con outras habilidades básicas(saltos,xiros...).
- Participar nas diferentes actividades realizadas amosando unha actitude positiva.

- Mellorar a capacidade da manipulación de obxectos coas extremidades superiores e inferiores en lanzamentos, recepcións...
- Desenrolar a precisión nos lanzamentos e iniciar o desenrolo do golpeo.
- Realizar o bote do balón nas diferentes situacións.
- Descubrir os recursos expresivos do corpo mediante o movemento.
- Desinhibir o corpo nas actividades de expresión corporal.
- Bailar danzas sinxelas e adaptar o movemento a ritmos musicais sinxelos.
- Gozar mediante a expresión a través do propio corpo.
- Participar activamente nos diversos xogos populares galegos propostos na clase.
- Emplear os xogos populares como medio de goce e ocupación do tempo libre.
- Respectar as normas e regras dos xogos.
- Coñecer e empregar estratexias básicas de cooperación nos xogos.
- Coñecer diferentes tipos de xogos.
- Aceptar o resultado do xogo atendendo as súas normas.
- Coñecer unhas pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física.
- Adoptar medidas de seguridade na actividade física.

CONTIDOS

- Aceptación da propia realidade corporal.
- Respecto das persoas que participan no xogo.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.
- Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da educación física.
- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal
- Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.
- Aceptación da propia realidade corporal.
- Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.
- Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento.
- Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes.
- Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración.

- Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables.
- Percepción espacio-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, cerca/lonxe...).
- Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia.
- Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.
- Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos.
- Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación visomotora a través do manexo de obxectos.
- Resolución de problemas motores sinxelos.
- Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.
- Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.
- Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas.
- Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo o ritmo.
- Imitación de personaxes, obxectos e situacións.
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal.
- Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.
- Relación da actividade física co benestar da persoa
- Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.
- Respecto ás persoas que participan no xogo
- Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo.
- Aceptación de distintos papeis no xogo.
- Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.
- Comprensión das normas de xogo e cumprimento destas.

- Confianza nas propias posibilidades
- Coñecemento e práctica dalguns xogos de Galicia.
- Práctica de xogos libres e Organizados.
- Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio.
- Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.
- Buscar de maneira guía da información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.
- Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.
- Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.
- Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos adecuados ás situacións motrices que se lle presentan.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais.
- Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.
- Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.
- Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.
- Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.
- Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.
- Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de forma razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
- Adopta hábitos alimentarios saudables.
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.
- Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural.

-Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Coñecer, adquirir e cumprir coa dinámica das clases de E.F.(normas,hixiene e coidado corporal, hixiene postural...)
- Afianzar a lateralidade en relación cos demais e cos obxectos.
- Tomar conciencia da simetría corporal e da mobilidade das distintas partes do corpo.
- Identificar as variacións do ton muscular en diferentes situacións.
- Afianzar a percepción, organización e representación espacio-temporal.
- Consolidar o equilibrio estático e desenvolver o dinámico.
- Mellorar a capacidade de axuste persoal.
- Executar con soltura os desplazamentos de marcha e carreira.
- Empregar correctamente a marcha e a carreira nas distintas situacións de xogo.
- Saltar coordinadamente.
- Adaptar os saltos ás distintas situacións: espazo, tempo, obstáculos.
- Iniciar as técnicas do salto de altura: batida, salto de rodillo.
- Mellorar as formas do xiro en torno ao eixe lonxitudinal, transversal e anteroposterior.
- Desenvolar a coordinación en accións de rodar e xirar.
- Realizar xiros sobre distintos planos e superficies.
- Adoptar as medidas necesarias para previr accidentes.
- Participar nas diferentes actividades realizadas amosando unha actitude positiva á hora de levalas a cabo.
- Controlar e dominar o corpo, adaptándose a diversos medios: natural, acuático...
- Desenvolar a coordinación dinámica nas extremidades superiores.
- Mellorar a capacidade de manexar un móbil coas extremidades superiores e inferiores, tanto estática como dinamicamente.
- Realizar con eficacia botes de diferentes balóns e pelotas empregando as dúas mans.
- Reflexionar sobre a competencia motriz de sí mesmo
- Afirmar a lateralidade.
- Golpear con precisión móbiles en situación estática e dinámica.
- Explorar as calidades de movemento corporal.
- Recoñecer os xestos codificados e máis habituais empregados.

- Interpretar xestos e expresións dos demais.
- Realizar danzas e coreografías simples seguindo o movemento rítmico.
- Gozar mediante a expresión e comunicación a través do propio corpo.
- Coñecer unhas pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física.
- Coñecer e practicar os xogos populares da comarca.
- Participar e cooperar nos diversos tipos de xogos populares.
- Desenrolar as habilidades motrices básicas en situacións do xogo e en espazos coñecidos.
- Coñecer e practicar xogos predeportivos respectando as normas básicas de ditos xogos.
- Participar de forma activa na práctica de xogos e deportes de equipo.
- Respectar aos compañeiros, adversarios, saber gañar e perder...

CONTIDOS

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos e das demais.
- Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo.
- Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da educación física.
- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns nas saídas polos arredores do colexio.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
- Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.
- Autonomía persoal: autestima, expectativas realistas de éxito.
- Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións).
- Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades.
- Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración.
- Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables.

- Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo).
- Organización espacio-temporal velocidade, previsión do movemento).
- Consolidación da lateralidade e a súa proxección no espazo, con recoñecemento da esquerda e da dereita dos e das demais.
- Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
- Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas.
- Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión.
- Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.
- Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.
- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.
- Adecuación do movemento a estruturas espacio-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.
- Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Desinhibición e espontaneidade na práctica de danzas ou bailes, con independencia do nivel de habilidade mostrado.
- Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
- Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.
- Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.
- Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física.
- Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa.
- Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.
- Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.
- Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de

materiais e espazos.

- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e ás demais persoas.
- Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.
- Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.
- O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
- Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.
- Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.
- Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo.
- Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.
- Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque).
- Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada..).
- Coñecemento e coidado da contorno natural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
- Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.
- Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

- Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- Relacionar os conceptos específicos de educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.
- Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades
- Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.
- Relacionar os conceptos específicos de Educación Física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
- Manifestar respecto cara ao contorno e ao medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
- Explica aos seus compañeiros e ás súas compañeiras as características dun xogo practicado na clase.
- Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de forma razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.
- Utiliza as novas tecnoloxías para localizar información que se lle solicita.
- Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
- Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Coñece e respecta a normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.
- Incorpora nas súas rutinas o coidado e a hixiene do corpo.
- Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
- Recoñece os dous tipos de respiración.
- Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.
- Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.
- Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.
- Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices adecuadas no tempo e no espazo.
- Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espacio-temporais.
- Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espacio - temporais.
- Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos adecuados e utilizando os segmentos dominantes.
- Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espacio-temporais
- Mantén o equilibrio en diferentes posición e superficies.
- Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.
- Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.
- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.
- Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
- Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
- Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.
- Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
- Mellora das capacidades físicas.

- Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde.
- Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.
- Adopta hábitos posturais axeitados.
- Realiza os quecementos de forma autónoma.
- Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
- Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.
- Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación Física.
- Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un quecemento guiado.
- Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
- Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.
- Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos ,deportes individuais e actividades na natureza.
- Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas
- Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.
- Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.
- Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.
- Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.

QUINTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS

- Coñecer, adquirir e cumprir a dinámica das clases de E.F.(normas, hábitos e coidados corporais, hábitos posturais...)
- Controlar o corpo en situacións motrices complexas.
- Coñecer a importancia e a necesidade dun bo quencemento antes de comenzar as sesións de E.F.
- Aprender a controlar as pulsacións.
- Coñecer o concepto das capacidades físicas básicas e desenvolverlas, coñecer a súa importancia para o organismo e a súa relación coa saúde.
- Continuar co traballo do mantemento da flexibilidade iniciado nos ciclos anteriores.
- Desenvolver a resistencia, a velocidade e a forza mediante xogos.
- Aprender a dosificar o esforzo.
- Executar movementos cos segmentos dominantes e non dominantes en situacións motrices complexas cunha estruturación espacio-temporal.
- Dominar o corpo con seguridade e autonomía en diferentes medios: natural, acuático...
- Desenvolver a espontaneidade e a creatividade.
- Lograr unha comunicación positiva ante o grupo a través da expresión corporal.
- Valorar o corpo como medio de expresión e como medio artístico.
- Desplazarse e mover o corpo ritmicamente.
- Desenvolver as habilidades motrices básicas aplicadas a actividades deportivas e rítmicas complexas.
- Consolidar as formas básicas dos desplazamentos, saltos e lanzamentos.
- Aplicar o pase e a recepción en situacións de xogo.
- Mellorar a coordinación óculo-manual.
- Utilizar e aplicar estratexias básicas de xogo: cooperación, oposición, cooperación-oposición.
- Seleccionar as respostas axeitadas na situación do xogo.
- Coñecer e practicar xogos populares.
- Realizar bailes e coreografías con estruturas rítmicas máis complexas.
- Fomentar as relacións entre iguais e entre diferentes xeracións.
- Buscar información sobre aspectos da alimentación para unha vida saudable.
- Recompilar información sobre xogos e deportes populares de Galicia.
- Realizar xogos e actividades deportivas de diversas modalidades e de dificultade crecente.

CONTIDOS

- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.
- Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.
- Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.
- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.
- Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.
- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da educación física.
- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.
- Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan os peóns e ciclistas.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.
- Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.
- Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.
- Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.
- Realización combinada de contornos non habituais.
- Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.
- Disposición favorable a participar. en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.
- O corpo e o movemento.
- Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.
- Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza

(centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo).

-Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto eo movemento.

-Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión.

- Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.

-Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos...

- Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.

-Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.

-Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

-Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).

-Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.

-Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.

-Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.

-Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.

-Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.

-Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

-Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.

-O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.

-Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia.

Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.

-Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición

física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. -Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.

-Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.

-Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás.

Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.

-Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorna natural de Galicia.

-Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

-Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

-Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

-Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.

-Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándo as ás condicións establecidas de forma eficaz.

-Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

-Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.

-Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

-Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do

esfuerzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

-Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.

-Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

-Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

-Relacionar os conceptos específicos de Educación Física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

-Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

-Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.

-Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.

-Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

-Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos

-Demuestra un nivel de autoconfianza adecuada ás súas capacidades.

-Utiliza as novas tecnoloxías para localizarse e extraer a información que se lle solicita.

-Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.

-Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situación e respecta as opinións dos e das demais.

-Ten interese por mellorar a competencia motriz.

-Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.

-Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.

-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

-Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.

-Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.

- Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
 - Toma de conciencia das exixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo temporais e intentando manter o equilibrio postural.
 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento,recepción,golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións.
 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
 - Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
 - Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
- Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos
- Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.
 - Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico expresivas.
 - Ten interese por mellorar as capacidades físicas.
 - Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).
 - Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do

sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..

-Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.

-Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.

-Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

-Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.

-Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.

-Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.

-Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.

-Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

-Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

-Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.

-Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.

-Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.

-Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.

-Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

-Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da Natureza.

-Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.

-Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

2b. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN.

Despois de consultar o calendario do presente curso 2015/16, comprobando que aproximadamente desenvolven nel unhas 70 sesións de Educación Física, tendo en conta que na Comunidade Autónoma de Galicia, por lei, teranse 2 horas semanais desta área.

Traballaranse dúas unidades didácticas por trimestre.

Nas unidades didácticas se traballarán todos os contidos mencionados nos puntos anteriores, ditos contidos son :

Valores, Esquema corporal ,Respiración ,Relaxación ,Lateralidade ,Espacialidade ,Temporalidade ,Coordinación, Equilibrio, Capacidades físicas básicas, Quencemento, Habilidades motrices básicas, Danza, Dramatización, Medidas de seguridade, Hixiene corporal ,Hixiene postural, Alimentación, Actividade física e saúde, Xogo, Iniciación deportiva...

A primeira unidade “COMEZAMOS O CURSO” consta de cinco sesións e será común a tódolos ciclos, xa que se refire a aspectos importantes para a marcha e bo funcionamento das clases de educación física (aspectos como as normas básicas , o aseo e coñecementos teóricos sobre o coñecemento corporal fundamentais para traballar o esquema corporal nos diferentes niveis).

As normas serán as seguintes:

- Cando se realicen traslados desde a aula a outra dependencia do centro, faranse en silencio e con tranquilidade.
- Para realizar as clases prácticas de educación física será necesario vestir roupa e calzado deportivo
- Para as clases prácticas é obrigatorio traer os útiles para o aseo; 1º E.P. (roupa de deporte), 2º E.P(xabón, toalla pequena,camiseta), 5º E.P (xabón, toalla pequena,camiseta).
- escoitar á persoa que fale sen interrompirla e se queremos falar pedimos a palabra levantando a man.
- Non están permitidas as agresións nin físicas nin verbais.
- Respectar as regras dos xogos ou das tarefas a traballar.

- Respetar os materiais ou as instalacións coas que se está a traballar.
- Axudar e respetar aos compañeir@s e ao mestr@.
- Saber gañar e saber perder.

2c. AVALIACIÓN

A avaliación non é un xuízo do proceso senón que as actividades de avaliación están incluídas dentro das propias actividades de ensino-aprendizaxe.

A avaliación educativa, é o mecanismo de recollida de información que unha vez valorada debe servir para tomar determinadas decisións”.

A avaliación do proceso da aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora.

Os resultados da avaliación do alumnado na educación primaria expresaranse nos termos seguintes: Insuficiente(IN), Suficiente(SUF), Ben(BE), Notable(NT), Sobresaiete(SB).

Avaliarase tanto os conceptos, procedementos e actitudes así como o cumprimento das normas que se lles explica na primeira sesión. Sendo estas dúas últimas o 50% da nota da avaliación e o outro 50% será (15% de conceptos e 35% de procedementos).

Respecto dos momentos da avaliación:

1. Ao principio da unidade didáctica é conveniente ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto dos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades que se aplican ao longo do curso, a primeira sesión ten a función de avaliación **inicial**, valorando os coñecementos do alumnado sobre os novos contidos a tratar. É dicir, será unha sesión ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros (por medio dunha escala de valoración ou rexistros anecdóticos ou follas de observación).
2. Ao longo da unidade, seremos conscientes das incidencias presentadas: Se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico apropiado, as actividades atractivas ou eficaces, así como o xeito en que os alumnos/as responden ao traballo. Todo isto forma parte da **avaliación continua**, que tamén se identifica coa avaliación **formativa**, porque se entende que os resultados serven para realizar axústelos e correccións necesarias.
3. Ao final da unidade didáctica, é preciso que se comprobe o grao de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as; isto coñécese como **avaliación sumativa ou final**.

Igualmente rexistrarase por medio dunha escala de valoración ou rexistros anecdóticos ou follas de observación.

A información que se terá en conta para emitir unha cualificación final será **cualitativa** (subxectiva), e rexistrarase por medio de escalas de valoración ou rexistros anecdóticos ou follas de observación, pero atendendo a conceptos, procedementos e actitudes. Tamén será **cuantitativa** (obxectiva, medible e cuantificable), aínda que se utilizará principalmente para comprobar o nivel madurativo e motriz do alumnado con respecto á súa media de idade.

Consideraranse as implicacións que supón, tanto a interpretación dos resultados de aprendizaxe en termos comparativos entre os resultados de cada alumno/a e os do resto do grupo (**avaliación normativa**), como a interpretación deses mesmos resultados en función da propia capacidade de aprendizaxe do alumno/a (**avaliación por criterio**).

Os instrumentos que me serven para obter a información á hora de avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe son:

- **Observación diaria.** Serve para rexistrar o que sucede na sesión, o proceso día a día. Estes rexistros son sistemáticos e continuos. Deben recoñecer elementos cuantitativos da actividade do alumn@: marcas, tempos ou o número de repeticións, e como traballar: interese, relación cos seus compañeiros, actitudes, esforzos, formas de traballo.
- **Situacións de avaliación.** Son actividades integradas dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, onde o alumn@ aplica os coñecementos adquiridos. Permite avaliar o proceso de forma global.
- **Rexistros de obxectivos.** Son as probas, escalas, test, revisión de traballos escritos,... que permiten avaliar o estado dun alumn@ con respecto a unha norma ou ao resto de compañeiros.

A avaliación debe ser:

- **Contextualizada:** adecuada a cada ambiente particular.
- **Individualizada:** consideración segundo as características e necesidades educativas de cada alumno.
- **Procesual:** presente en todo momento, non en momentos puntuais.
- **Integral:** porque pertence a un proceso educativo e recolle todos os aspectos dunha persoa.
- **Compartida:** democrática, onde intervirán todos os elementos e estamentos educativos.
- **Educativa:** porque potencia os aspectos positivos, e correctora dos negativos (respectando a individualidade)

3. METODOLOXÍA.

Utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións (como mínimo na animación e na volta á calma), aínda que se recorrerá igualmente a diversos estilos de ensino.

Respecto ao **xogo**, é unha acción libre, espontánea, desinteresada e intranscendente, que xorde da vida habitual, efectúase nunha limitación espacial e temporal, conforme a unhas determinadas regras, establecidas ou improvisadas, e cuxo elemento informativo é a tensión. A súa utilización é recomendable en Educación Primaria, debido a moitas das súas características: Divertido, educativo, evasivo, motivante, libre, gratuíto, ficticio, incerto, convencional, creativo, coeducativo, espontáneo, significativo, integral.

Respecto dos **estilos de ensino**, hai actividades que precisan ser levadas a cabo a través dos diferentes estilos de ensino. A continuación dáse unha breve información de cada un:

Mando directo: Está baseado no estímulo-resposta. O alumno/a responde a uns estímulos, que poden ser dados en varias canles (auditivo, visual, táctil). As súas características básicas son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, cantidade de execución-actividade, calidade... e observa as accións do alumnado.

Asignación de tarefas: O alumno/a actúa, realiza a tarefa, de acordo á súa propia vontade. O mestre/a ten un contacto máis directo coa clase. Facilítanse as tarefas e non se obriga ao alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumno/a é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a dedicar.

Ensinio recíproca: O alumno/a pasa a ser profesor/a. Pódese realizar en pequeno grupo ou en gran grupo. O alumno/a é observador e corrector. Aínda que o profesor/a decide as tarefas e exercicios que se van a realizar, ademais do patrón de organización da clase, o neno/a pode traer o seu propio material á escola, e posúe unha boa relación co docente, xa que este confía nel unha nova función: Observador. Só se debe corrixir a estes observadores.

Descubrimiento guiado: Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra. O profesor/a guía a consecución dos obxectivos, pero nunca dá a solución, e o feito de que o alumno obteña unha resposta que lle pertence por habela descuberto el mesmo, reflicte unha dimensión especial na internalización dos datos. O mestre/a dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.

Resolución de problemas: Exponse problemas nos que hai varias solucións. O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno/a motívase polo descubrimento de novas solucións (a diferenza do descubrimento guiado, aquí non hai só unha execución). Ocorre, igual que no estilo anterior. Este estilo xera un alto nivel de resistencia na realización da tarefa que obedece a unha automotivación.

Tamén temos que ter en conta:

1. Formas de agrupamento e organización

Variáanse en función das necesidades contextuais podendo ser : individual, parellas , pequeno grupo, gran grupo para seleccionar aos nenos/as que os integren seguirei diversos criterios como: azar, estatura, peso, afinidade afectiva, etc sendo en ocasións responsabilidade dos propios alumnos /as o autoagruparse. Devanditos agrupamentos serán obxecto de estruturacións espaciais variadas como a frontal, en circulo, semicirculo, libre, en circuíto segundo a tarefa e o momento da sesión.

2. Posición do docente respecto ao grupo

Dependendo de onde deba centrar a atención ou a función que desempeñe en cada situación adoptarei unha posición que variase entre interna (xogador, arbitro..) externa (observador), focal (en

axudas individuais)

3. Canles de comunicación

Serán variados e complementaranse mutuamente: visual (xestos, demostracións..), auditivo(verbalizacións, música), táctil-kinestésico(axudas manuais,esterognosis). Este aspecto será moi observado en canto nenos/as con Necesidades Educativas Específicas cuxas carencias na recepción da información, xa sexa por deficiencias sensoriais, diferenza de idioma etc deberán ser cubertas mediante un uso apropiado das canles de comunicación.

4. Estratexias

Terá predominancia a global(pura, con modificación da situación real ou con polarización da atención) aínda que en situacións concretas empregarei a analítica(pura, secuencial, progresiva), segundo a tarefa completa e a finalidade da mesma. Tamén poderán ser mixtas.

Algúns **principios básicos** que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

Reforzo positivo: É importante que os alumnos/as estean continuamente motivados, e a motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte do profesor/a. Desta forma, crearase un ambiente de confianza no que o alumno/a sente seguro/a.

Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do fácil ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.

Intensidade : Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados adecuadamente

Transferencia : Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.

Motivacións persoais : Os exercicios expostos aos alumnos/as deben estar de acordo cos intereses

e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.

Individualización: Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a. Cada un "é como"é . Por iso é polo que á hora de avaliar téñase en conta a actitude e a aptitude:

Participación :Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

Ademais, o docente non debe esquecer as seguintes **pautas de actuación:**

- Preparará sempre a clase para evitar rutina e improvisación.
- Dará explicacións breves, claras e concretas.
- Creará un clima de atención.
- Cando se necesite, fará demostracións de exercicios.
- Utilizará vocabulario axeitado segundo o nivel dos alumnos/as.
- Durante as explicacións e demostracións, colocarse en lugares visibles para que os alumnos/as o escoiten e vexan sen dificultade.

4. PROCEDIMIENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL.

Para realizar unha avaliación inicial efectiva teremos en conta as seguintes accións:

- Coñecemento da memoria relativa ó grupo do ano anterior.
- Reunión co titor do ano anterior e, no seu caso, cos mestres de PT e AL que actuaron no grupo o ano anterior.
- Valoración da situación do grupo e de cada alumno individualmente durante a primeira semana do curso a través da observación directa, do traballo diario e de fichas de seguimento.
- Reunión inicial cos pais, nais ou titores dos alumnos na última semana de setembro ou primeira de outubro.

5. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN CONTÍNUA.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO CURSO		
EP		ÁREA: Educación Física
Tipo de contidos	Elementos avaliáveis	Puntuación
	Comportamento	A-B-C-D-E
	Participación	Mal-Regular-Ben
	Traballo en equipo	Mal-Regular-Ben
	Controis escritos ou orais	
	Chamadas de clase	
	Interese / Intensidade	Mal-Regular-Ben
	Motivación	Mal-Regular-Ben
	Participación	Mal-Regular-Ben
Cálculo da nota	<p>Partimos da nota inicial de Conceptos.</p> <p>Sempre que o comportamento do alumno se cualifique como A ou B poderá subir un nivel a súa nota inicial.</p> <p>Sempre que o comportamento do alumno se cualifique como C ou D poderá baixar un nivel a súa nota inicial .</p> <p>Un comportamento E implica unha baixada automática dun nivel respecto á nota inicial.</p> <p>Nos casos intermedios manterase a nota conceptual.</p>	

6. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE.

Actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as con NEAE

Remítome o plan de intervención elaborado para cada alumno.

Temas transversais

- Educación para a igualdade.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumidor.
- Educación ambiental.
- Educación vial.
- Educación sexual.
- Educación para o ocio.
- Educación moral e cívica.

Actividades complementarias e extraescolares previstas

Participaremos en todas as programadas polo centro (Magosto, Nadal, Paz, Entroido, Día das Letras Galegas, Día da Árbore, etc.).

Ao longo do curso segundo os intereses dos alumnos programaranse actividades a medida que vaian xurdindo.

Medidas de atención á diversidade

Cada profesor/a deberá ter o plan de apoio de cada un dos seus alumnos/as con NEAE

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A resposta das seguintes **preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación** con los alumnos.

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar		1	2	3	4	5
	De forma individual					
	Por parellas					
	En pequeno grupo					
	En gran grupo					
	Pechados e ríxidos					
	Abertos, procedimentais, proxectos					
	Facilitan o traballo cooperativo					
Na metodoloxía que aplico	Utilizo ferramentas TIC					
	Facilito o aprendizaxe autónomo					
	Baséome nas explicacións teóricas que imparto					
Como paso as horas lectivas?	Poñendo silencio					
	Impartindo teoría e explicacións					
	Guiando ós alumnos no seu traballo					
	Observando					
	Correxindo					
Grao de motivación do alumnado						
Grao de participación das familias						

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN A VALORAR	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					
Uso das TIC					
Inclusión de temas transversais					
Actividades de carácter interdisciplinar					